

**MONDARIZ****E D I C T O**

Aprobado inicialmente, en sesión plenaria celebrada o pasado 26 de xaneiro de 2013, o orzamento municipal para este ano 2013, xunto coas bases de execución do mesmo, e a plantilla e cadro do persoal do Concello de Mondariz; en cumprimento do disposto no artigo 169 do T.R.2/2004 da Lei reguladora de Facendas Locais, se expón ó público, por prazo de 15 días, contados desde o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, durante o cales, os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

Dacordo co disposto no artigo 169.1 do T.R.2/2004 da Lei reguladora de facendas Locais, e tal e como se recolle expresamente no acordo de aprobación inicial, de non presentarse reclamacións en prazo, se elevará a definitivo o acordo inicial, debendo publicarse, resumido por capítulos no BOP, para a súa entrada en vigor.

Mondariz, 28 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Julio Alén Montes.

2013000916

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Non téndose formulado reclamacións contra o acordo adoptado pola Corporación Municipal do 20-11-12 de aprobación provisional da modificación da ordenanza reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercaderías de calquera clase, queda elevado o acordo a definitivo, cujos textos íntegros son os seguintes:

Tarifa primeira

Entrada de vehículos en locais, con reserva de vía pública mediante a prohibición de estacionamento, de cara á entrada de vehículos ó interior dos mesmos, ó ano:

- 1.—En vivendas unifamiliares.....45,00 euros
- 2.—En garaxes colectivos.....11 euros euros/praza , cunha cuota mínima de 100 euros/ano.
- 3.—Garaxes de establecementos comerciais , industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes11,00 euros/praza, cunha cuota mínima 500 euros/ano.

Tarifa segunda

Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento da vía pública:

Por cada metro lineal ou fracción ó ano.....18,42 euros

Nos barrios de Canedo, San Vicente , A Freixa e As Cachadas , deducirase un 20% das tarifas sinaladas

No extrarradio e parroquias , deducirase un 40% as tarifas sinaladas.

Ponteareas, 21 de xaneiro de 2.013.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2013000793

* * *